

Letras escarlata

Estudios sobre a representación
da menstruación

Teresa Bermúdez Montes/

Mônica Heloane Carvalho de Sant'Anna (eds.)

F Frank & Timme

Teresa Bermúdez Montes / Mônica Heloane Carvalho de Sant'Anna (eds.)
Letras escarlata

Ibero-Romance Studies in Literature and Translatology –
Studies in Contemporary Literature, vol. VI
Series editors: Burghard Baltrusch and Gabriel Pérez Durán

iBroLiT

Estudos Iberorromânicos de Literatura e Tradutoloxía
Ibero-Romance Studies in Literature and Translatology

Honorary Editor:

Camiño Noia Campos

Editorial Board:

Burghard Baltrusch, Gabriel Pérez Durán

Advisory Board:

Silvia Bermúdez	(University of California, Santa Barbara)
Ana Paula Ferreira	(University of Minnesota)
Susana Kampff Lages	(Universidade Federal Fluminense)
Ria Lemaire Mertens	(Université de Poitiers)
Inocência Mata	(Universidade de Lisboa)
Lênia Márcia Mongelli	(Universidade de São Paulo)
Cláudia Pazos Alonso	(University of Oxford)
John Rutherford	(University of Oxford)
Kathrin Sartingen	(Universität Wien)
Fernando Venâncio	(Universiteit van Amsterdam)
Yara Frateschi Vieira	(Universidade Estadual de Campinas)
Michaela Wolf	(Karl-Franzens-Universität Graz)

Editorial Contacts:

GAELT
Universidade de Vigo, Facultade de Filoloxía e Tradución
36310 Vigo, Galiza / España
burg@uvigo.es | <http://gaelt-uvigo.blogspot.com>

Teresa Bermúdez Montes /
Mônica Heloane Carvalho de Sant'Anna (eds.)

Letras escarlata

Estudos sobre a representación da menstruación

FFrank & Timme
Verlag für wissenschaftliche Literatur

© Series Design: X. Bieito Arias Freixedo & Gabriel Pérez Durán

© Illustrations: Marisa Candal (cover image: "Menstruación y ovulación", 1995) & Gabriel Pérez Durán (graphic design)

This edition has been funded by the research project
"Contratos Programa Grupos de Referencia".
University of Vigo (07V1A07).

Revision of the texts: Teresa Bermúdez Montes.
English translations: Feidhlim Hanrahan.
Layout: Rita Bugallo.

ISBN 978-3-7329-0241-5
ISSN 2194-752X

© Frank & Timme GmbH Verlag für wissenschaftliche Literatur
Berlin 2016. Alle Rechte vorbehalten.

Das Werk einschließlich aller Teile ist urheberrechtlich geschützt.
Jede Verwertung außerhalb der engen Grenzen des Urheberrechts-
gesetzes ist ohne Zustimmung des Verlags unzulässig und strafbar.
Das gilt insbesondere für Vervielfältigungen, Übersetzungen,
Mikroverfilmungen und die Einspeicherung und Verarbeitung in
elektronischen Systemen.

Herstellung durch Frank & Timme GmbH,
Wittelsbacherstraße 27a, 10707 Berlin.
Printed in Germany.
Gedruckt auf säurefreiem, alterungsbeständigem Papier.

www.frank-timme.de

Índice



Presentación. (Re)debuxando as letras en escarlata	9
Presentación. (Re)dibujando las letras en escarlata	21
Introduction. (Re)drawing the Arts in Scarlet Letters	31
I. Perspectivas xerais	41
Mucho más que un signo de impureza: el sexo que sangra en clave antropológica	
Lourdes Méndez	43
La théorie des règles : objet absent, objet impropre ?	
Marie de Gandt	61
Do silencio hixiénico ao orgullo da mancha. Censura e exceso na cultura menstrual	
Helena González Fernández	83
II. Estudos	105
“Algo está mal. Algo más que ‘cosas de mujer””: La maldición roja en el cine de terror contemporáneo	
Katarzyna Paszkiewicz	107
Sangue indócil (A menstruación e as súas imaxes literarias)	
Teresa Seara	133


Del sangrar: ciclos de muerte y vida María Jesús Fariña Busto	159
Escrita encarnada: das “três Marias” a Adília Lopes Sónia Rita Melo	177
Da margem ao centro: a poesia em vermelho Mônica Heloane Carvalho de Sant’Anna	199
Autoras	217
Bibliografía	227
Índice temático-onomástico	245

*Quero escrever o borrão vermelho de sangue
com as gotas e coágulos pingando
de dentro para dentro
(...)*


*Quero escrever noções
sem o uso abusivo da palavra.
Só me resta ficar nua:
nada tenho mais a perder.*

Clarice Lispector





Presentación.
(Re)debuxando as letras
en escarlata



Introduction.
(Re)drawing the Arts in
Scarlet Letters

Presentación
(Re)dibujando las letras
en escarlata

Presentación. (Re)debuxando as letras en escarlata

O termo ‘menstruación’ vén do latín *menstruum*, proveniente á súa vez de *menstruus*, que significa ‘mensual’, e vincúlase inequivocamente coa fisioloxía feminina e coa idea de feminidade. O sangrado menstrual ou mensual é un fenómeno biolóxico que se produce na especie humana exclusivamente, pero non así noutras especies de mamíferos. Na actualidade, este proceso fisiolóxico, completamente natural e propio da denominada ‘idade fértil’ na vida das mulleres, está perfectamente explicado pola ciencia médica, grazas á cal está bastante estendida —polo menos na nosa sociedade— a divulgación do seu mecanismo e funcionamento. Non obstante, este *coñecemento* é relativamente recente. A menstruación foi percibida desde a máis remota Antigüidade como un fenómeno misterioso, desconcertante, terrorífico ou até máxico, de xeito que foi obxecto de infinidade de hipóteses pseudo (ou pre)científicas, de innumerables mitos, de terribles supersticións, de tabú e silenciamento, co elemento común de considerala *marca* do xénero feminino. O carácter desta marca foi, no ámbito da tradición europea e xudeu-cristiá, fundamentalmente negativo, até o punto de que se consolidou unha idea da menstruación como *estigma* das mulleres, que sería simultaneamente causa e consecuencia dunha hipotética *maldición*. En consecuencia, codificouse a comunicación en relación coa menstruación e deseñáronse prácticas de purificación do mal, concretadas de modo particular nos diferentes pobos e confesións relixiosas, con pervivencia até a época presente.

A experiencia da menstruación constituíu, tradicionalmente, unha marca que sinalaba as mulleres como tales, unha especie de impresión a lume indeleble, interpretada desde as civilizacións patriarcais como signo de inferioridade e de impureza. Unha *letra escarlata*.

Así aconteceu na nosa civilización, na que este ‘trazo’ feminino foi asimilado coa impureza polo discurso patriarcal, até o punto de que o feito de formar parte da fisioloxía feminina lle proporcionou un pretexto para afirmar a inferioridade das mulleres e xustificar o seu sometemento.

Na tradición europea, podemos remontarnos aos postulados de Aristóteles, enunciados na súa obra *De generatione animalium* (*Sobre a xeración dos animais*) do século IV a.C, quen establece a *abxección* dos fluídos femininos, e especialmente do fluído menstrual —que sería un residuo da *materia*, a ‘fría’ contribución das femias á xeración de novas vidas—, así como a súa pasividade e inferioridade respecto do masculino. As afirmacións de Aristóteles tiveron un grande eco e seguimento na civilización occidental ao longo dos séculos, de maneira que acadaron unha enorme influencia na configuración das percepcións sobre a menstruación e as conseguíntes categorizacións sobre o xénero feminino. As ideas do filósofo foron fundamentais para construír ou reforzar os discursos patriarcais no que se refire á tradicional misoxinia, a través da Idade Media e a Idade Moderna, até a contemporaneidade. Moitos outros autores, como o médico Galeno, profundaron nas ‘explicacións’, sempre na liña do reduccionismo das mulleres ao dominio da mera materialidade, dunha corporalidade deficiente e imperfecta, necesariamente dependente e subsidiaria da ‘calor’ e a ‘calidade’ dos varóns. Por outra banda, estas categorizacións víronse reforzadas pola transposición ao plano lingüístico efectuada por eclesiásticos como Isidoro de Sevilla, quen nas súas *Etymologiae* (século VII) vinculaba fluído menstrual (e, por ende, o feminino) e poder maléfico. As súas afirmacións, amplamente difundidas, afondaron na representación polarizada dos xéneros (positivo vs. negativo) e na extensión dun discurso misóxino.

Xa que logo, esa *maldición* sobre o xénero femenino representada pola presenza da menstruación constitúe un *estigma* milenario, que impregnou as nosas percepcións e prácticas até o punto de condicionais nos nosos días. Apropriadonos da imaxe da ‘letra escarlata’, servímonos dela como metáfora do estigma, da marca da maldición atribuída ás mulleres, en función da súa bioloxía.

Na actualidade, a percepción e as actitudes cara a este fenómeno están xa fortemente determinadas polo coñecemento científico e médico, dunha banda, e polos avances sociais na reivindicación e a loita polo recoñecemento dos dereitos das mulleres, doutra. Así, produciuse unha desmitificación —aínda parcial— da menstruación, da man da ciencia médica: as lendas, mitos, medos e supersticións vanse debilitando progresivamente, malia persistiren. Por outro lado, a reivindicación da visibilidade e da presenza social das mulleres leva aparelada tamén a esixencia de recoñecemento do corpo sexuado en feminino e, polo tanto, de desestigmatización do corpo. Nesta liña, chégase a recorrer precisamente a imaxes e/ou representacións da menstruación para transgredir os límites establecidos, grazas ao grao de impacto que atinxen e á súa efectividade para rebentar o silenciamento e a represión.

Por conseguinte, podemos afirmar que estamos a vivir un dobre proceso, entrelazado: un proceso de desactivación das lendas e mitos sobre a menstruación, por un lado, e un proceso de desactivación da misoxinia e do sexismo, como manifestacións do patriarcado, por outro.

O volume que presentamos xorde precisamente do interese que posúen estes fenómenos, en relación coas representacións do corpo feminino, na súa diversidade. Así, *Letras escarlata. A representación da menstruación e do corpo feminino* pretende ser unha contribución ao estudo das diversas dinámicas que condicionan a percepción da regra e á análise da súa representación nas distintas manifestacións artísticas e expresións culturais, con especial atención á literatura.

Sen dúbida, a menstruación constitúe un fenómeno con múltiples implicacións, tanto no ámbito reprodutivo como no psicolóxico, antropolóxico, filosófico, social e cultural. Conecta con cuestións centrais da vida humana: a experiencia corporal e existencial das mulleres, a relación coa propia corporalidade, a toma de decisións sobre a capacidade de procrear, a temporalidade, o feminismo, a identidade femenina, o íntimo e o público, a asignación de espazos/roles na sociedade, a xestación, o aborto etc. Xa que logo, as representacións da menstruación —ou, mesmo, a falta de representación— merecen ser interrogadas.

Cómpre referirse tamén á conceptualización da corporalidade na época actual, na medida en que o corpo pasou de ser deostado a reclamarse para el un papel central, sobre a base do cuestionamento da tradicional dicotomía natureza/cultura. O corpo, entendido como “metáfora da orde social” (*Vid. Méndez neste volume*), transformárase así en arma ou ferramenta de expresión política (no movemento Femen, por exemplo) e/ou artística. Prodúcese entón a politización do corpo feminino, propiciada fundamentalmente desde o movemento feminista. A potente imaxe “Untitled (Your body is a battleground)” de Barbara Kruger (1989) pode proporcionarnos un exemplo iconográfico deste cambio de mentalidade. Trátase da construción dun corpo *reivindicativo* (simultaneamente suxeito e obxecto de reivindicación), de espazo de loita e militancia para a visibilización.

Tendo en conta este contexto sociopolítico e cultural, non resulta sorprendente que nas últimas décadas se estea a dar un incremento das producións artísticas que acometen a representación da menstruación, sobre todo no campo das artes plásticas, pero tamén na literatura, nas artes audiovisuais ou en formato electrónico.

Non se pode explicar este cambio de paradigma en relación co corpo das mulleres, ao que vimos de referirnos, sen termos en conta a evolución do pensamento feminista. Así, a partir do último terzo do pasado século até a actualidade foise configurando un novo discurso, ou *contradiscurso*, que chega a subverter os tabús normalizados de impureza-silencio-invisibilidade para transformalos en *orgullo menstrual*, como sinala González no presente volumen. Elabórase así unha resignificación da menstruación, que pasa a erixirse en espazo de resistencia aos discursos tradicionais, no marco da recuperación do corpo.

No ámbito académico, o interese polo corpo (abranxendo o corpo sexuado, o corpo político, as súas representacións etc.) deu lugar a diferentes encontros científicos na encrucillada entre corpo e xénero, á conformación e consolidación de diversos grupos de investigación (‘Cos i textualitat’, UAB, por exemplo) e á publicación de libros e artigos, como froito do seu labor.

De xeito proporcional, foi medrando o número de volumes, procedentes de diferentes áreas de estudo, que tratan dun modo específico o tema da menstruación, centrándose nas súas representacións, na (re) significación que experimenta ou nas súas complexas implicacións. Foi

pioneiro o estudo *The Curse* (Delaney, Lupton & Toth 1988), que se ocupa da menstruación desde o punto de vista literario e cultural, mentres que en datas recentes *La révolution du féminin* (Froidevaux-Metterie 2015), dedica tamén espazo á reflexión sobre ela (*Vid.* de Gandt neste volumen).

Pola súa banda, viron tamén a luz ensaios como *Bread, blood and roses* (1993), da estadounidense Judy Grahn, así como diversos volumes situados no ámbito do activismo menstrual ou artigos que abordan tanto os tabús e discursos tradicionais, como os contradiscursos e o desenvolvemento de espazos contraculturais.

Porén, son aínda escasos os estudos dispoñibles sobre un tema tan rico e complexo como a menstruación, sobre todo se temos presente que se trata dunha cuestión de profundo alcance histórico, antropolóxico e filosófico, central na definición da femineidade e na representación do xénero. Con certeza, queda moito por facer neste eido. Consideramos que é fundamental avanzar nesta liña de investigación, profundando no noso caso no campo da literatura e dos estudos culturais.

En definitiva, o noso propósito como editoras do conxunto de traballos orixinais reunidos en *Letras escarlata. A representación da menstruación e do corpo feminino* é deixar atrás os baleiros e silencios seculares. Pretendemos contribuír á exploración da presenza e das funcións da representación dos fluídos femineinos, en canto integrante da idea do *feminino*, servíndonos dunha perspectiva multidisciplinar. Así, á luz das achegas provenientes do campo da antropoloxía, da filosofía, do pensamento feminista e dos estudos culturais, o libro ábrese á análise de diversas manifestacións, desde a literatura (en galego, portugués e español), ás textualidades electrónicas, o cine, a performance, a fotografía etc.

Presentación dos estudos

Letras escarlata ábrese con tres traballos introdutorios, que ofrecen claves xerais para a análise e a reflexión. Estes textos encadran os estudos que figuran a seguir, que abordan ámbitos específicos de representación, centrados na literatura e no cine.

Encabeza a serie o estudo “Mucho más que un signo de impureza: el sexo que sangra en clave antropológica” [“Moito máis ca un signo de impureza: o sexo que sangra en clave antropolóxica”], de Lourdes Méndez. Neste primeiro capítulo, explóranse dous eixes fundamentais: as ideas de impureza e de contaminación derivadas dos tabús en torno ao sexo que sangra, por unha banda, e o control da sexualidade e da fecundidade das mulleres por parte dos varóns, en aras sempre da patriliñaxe, por outra banda. O traballo de Méndez propónse unha lectura sobre a menstruación desde a antropoloxía feminista materialista, ao fio dunha *performance* e dun caso etnograficamente documentado. A análise da *performance* e das dispares reaccións ante ela permitirá albiscar o sutil entramado socio-simbólico no que se inscribe o fluído menstrual en toda sociedade e período histórico. Tras esa primeira aproximación que remite ao campo da arte contemporánea, diversos escenarios nos que natureza, cultura, corpos e cosmovisións se entrelazan axudarán a amosar por que a menstruación é moito máis que un signo de impureza.

O capítulo 2, asinado por Marie de Gandt e titulado “La théorie des règles : objet absent, objet impropre?” [“A teoría da regra: obxecto ausente, obxecto impropio?”], analiza a presenza e ausencia de reflexión sobre a menstruación no percorrido do pensamento feminista contemporáneo, partindo de Simone de Beauvoir. De Gandt parte da constatación de que a menstruación é un obxecto ausente da representación artística até o século XIX, e que prolifera nas artes de finais do século XX. Mais, para de Gandt, ese cambio non se efectuou sobre a base dunha reapropiación da noción de regra por parte da militancia feminista. Salienta así que a menstruación raramente figura nos textos das feministas, nin no caso das diferencialistas nin no das materialistas. Esta ausencia continúa na actualidade, visto que forma parte do legado que os estudos de xénero herdaron do feminismo. Así, ao interesarse na menstruación, vese xurdir un *impensado* —isto é, o que non foi precisado polo pensamento, por consideralo evidente e non cuestionable— que marca o corpo femenino non só no discurso positivista que o evoca, senón tamén na deconstrución das súas representacións: a súa dimensión temporal, considerada non baixo o aspecto dos límites ou do cambio, senón baixo o ángulo da regularidade, do retorno e do ciclo. A través desta aproximación, chegarase á interrogación sobre a existencia dun tempo feminino, dun tempo xenerizado.

No estudo que pecha o bloque introdutorio, Helena González Fernández aborda a dialéctica entre censura e transgresión, baixo o título “Do silencio hixiénico ao orgullo da mancha. Censura e exceso na cultura menstrual”. A representación da menstruación por parte das creadoras mostra as dificultades que teñen os discursos e materiais que, supostamente, superan o tabú. A aparente normalización dos discursos afirmativos do activismo menstrual e o papel regulador que desempeña a publicidade da industria de *FemCare* coa súa sexualización controlada do corpo das mulleres, ponse en evidencia en tres casos de censura detectados nos últimos anos nas belas artes, a poesía e a creación electrónica, asinadas respectivamente por Joana Vasconcelos (Portugal), Lupe Gómez (Galicia) e Rupi Kaur (Canadá). Aínda que hai intentos de escribir sobre as ‘sangrantes’ á marxe da política feminista, González sostén que non é posible manter unha localización lectora inocente, xa que esta pon en cuestión non só a percepción do fluído vermello cíclico en relación co tabú e o eufemismo culturais, senón que implica tamén unha actitude ante a maternidade. Pola contra, as *poéticas do exceso* e a conversión da braga manchada en bandeira da *política menstrual* do feminismo radical, amosan que é posible desestabilizar o marco normativo. O obxectivo de González neste traballo é cartografar, desde os estudos feministas e a teoría das emocións, as dificultades desta negociación política e creativa que vai desde a vergoña silenciosa ao orgullo, a partir dun corpus mixto de textos literarios, visuais, audiovisuais e publicitarios publicados en soportes convencionais e electrónicos de principios do século XXI.

O ensaio titulado “‘Algo está mal. Algo máis que «cosas de mujer»: la maldición roja no cine de terror contemporáneo” [“‘Algo está mal. Algo máis que «cousas de muller»: a maldición vermella no cine de terror contemporáneo”], cuxa autora é Katarzyna Paskiewicz, inaugura o grupo de estudos específicos sobre as representacións nos ámbitos artísticos. O traballo de Paskiewicz centra a súa análise na cinematografía: ao longo das súas páxinas, ofrécese unha profunda e esclarecedora relectura do cine de terror. A través do estudo deste xénero fílmico concreto, considerado tradicionalmente como inherentemente patriarcal e misóxino, propíciase unha necesaria reflexión sobre as súas posibles políticas afectivas, en particular en canto á representación dos monstros menstruais. Ben afastado dos xéneros pertencentes ao chamado ‘cine de mulleres’ (comedia

sentimental, melodrama maternal etc.), é no cine de terror onde se atopan referencias directas ao ciclo menstrual feminino, con diversos filmes (de *Carrie* a *Ginger Snaps*) nos que as protagonistas desenvolven poderes sobrenaturais ao atinxiren o limiar da puberdade e, adoitado, no día da súa primeira menstruación. Neste ensaio abórdanse algunhas destas figuras a partir da noción de Barbara Creed do *monstruoso feminino*, para trazar unha relación entre as tecnoloxías que crean monstruosidade e o tropo do sangue menstrual, tal e como se manifesta nalgúns exemplos do cine de terror contemporáneo.

Pola súa banda, o seguinte capítulo inicia as aproximacións á representación de menstruación no ámbito da literatura. María Jesús Fariña Busto é a autora do traballo “Del sangrar: ciclos de muerte e vida” [“Do sangrar: ciclos de morte e vida”], no que se examinan algunhas creacións de escritoras españolas e hispanoamericanas en relación co sangue e os seus significados. A análise leva aparellada unha reflexión sobre o uso e os valores culturais do corpo, particularmente do corpo —os corpos— das mulleres. A reflexión orientase cara a dous polos: morte e vida, e desenvólvese en torno a diferentes representacións da violencia e do sangue menstrual. Estúdanse mostras de diferentes xéneros literarios pero, polo seu interese, inclúense tamén algunhas accións artísticas na configuración das cales o corpo e o sangue ocupan un lugar destacado. Na súa análise literaria, Fariña ocúpase de obras de escritoras como Regina José Galindo, Cristina Peri Rossi, Miriam Reyes, Andrea Maturana, Gioconda Belli e Tina Escaja, fundamentalmente.

O estudo que chega da man de Teresa Seara, “Sangue indócil (A menstruación e as súas imaxes literarias)”, documenta e analiza a presenza da temática menstrual na literatura galega, centrándose fundamentalmente na poesía, pero establecendo fértiles conexións con outros xéneros (narrativa) e outras literaturas. Seara parte da constatación do feito de que o androcéntrico exerceu un férreo control sobre as mulleres, mediante a imposición de certos modelos de comportamento e menosprezando vivencias como a menstruación. Para Seara, a indicibilidade respecto deste tema, manifestada en problemas para a expresión como o tabú e a inexistencia dun vocabulario axeitado, solvéntase grazas ao *parler-femme*, ao que apelaba Irigaray. Explórase a vinculación do sangue menstrual co mito e o tóxico, coa desigualdade xenérica, coas apelacións ás antepasadas

que mantiñan o culto á *Deusa*, coa orixe do mundo, co eufemismo e co escatolóxico na poesía contemporánea, para salientar que a representación que se leva a cabo subverte a estigmatización tradicional: o tema non só aparece, senón que o fai despojado de todas as connotacións negativas nos textos de diversas escritoras. Estas sinalan a menarquía como etapa de silencio, a ocorrencia da menstruación como obriga de repensar a maternidade e a menopausa como momento para a invisibilidade, segundo expón Seara.

No traballo “Escrita encarnada: das ‘três Marias’ a Adília Lopes”, Sónia Rita Melo propón un percorrido de lectura a través de corpos de mulleres tal como foron formulados por autoras portuguesas clave: en primeiro lugar, polas “três Marias”, e en especial na obra clave do feminismo en lingua portuguesa, o poemario *Novas Cartas Portuguesas* (1972). Melo parte desta obra poliédrica e multifacética, de difícil clasificación, cuxa publicación escandalizou a un Portugal dominado por unha ditadura política e un enclaustramento social e identitario. Aplicando unha política cultural feminista do corpo, as autoras destas *novas cartas* practican unha ‘escritura feminina’, colocando como pedra angular o corpo da muller entendido como materialidade e tamén como produto dos discursos dominantes nas diferentes épocas históricas. Na contemporaneidade, a poetisa Adília Lopes, debedora desta re-visión do corpo, subliña a fragilidade dos corpos (feminino e masculino) e afírmase como artista de corpo e verso. A escritura convértese nunha arma que permite resistir no mesmo núcleo dunha sociedade onde poder e sexo son referenciais. Neste sentido, a loita contra as varias formas de crueldade realizarase no ámbito da súa linguaxe poética, do seu idiolecto peculiar, nunha lingua *outra* que permite re-ver, re-ler e re-escribir as historias.

Finalmente, o volume péchase co estudo titulado “Da margem ao centro: a poesia em vermelho”, a cargo de Mônica Heloane Carvalho Sant’Anna. O traballo pretende realizar un percorrido polas distintas abordaxes do tema menstrual realizadas no ámbito da poesía en lingua portuguesa. A autora describe e analiza o tratamento da cuestión por parte de escritoras, fundamentalmente, e algún escritor, para pór de manifesto a relevancia do tema en relación cos ritos de paso, de tránsito da idade infantil á idade adulta. Na súa aproximación, Mônica Sant’Anna toma como punto de partida a existencia dun tradicional dominio patriarcal sobre

o corpo feminino —tratado como espazo de apropiación e dominación masculinas—, que recluso as mulleres nun territorio de invisibilidade social ao longo dos séculos e que, por conseguinte, deu lugar ao silenciamento —ou ben á identificación coa negatividade— da menstruación. Por outra banda, Sant’Anna apóiase nos piares da crítica feminista contemporánea, no que representa un movemento permeado por unha reconceptualización cultural do corpo da muller, tal como enunciara no seu día Adrienne Rich.

En suma, estamos convencidas de que o traballo colectivo materializado neste libro compón un cadro plural de ámbitos científicos e perspectivas metodolóxicas, articulado darredor dun mesmo eixo: a menstruación como motivo de reflexión, de acción e de creación. Esperamos que *Letras escarlata* contribúa a destruír barreiras e prexuízos, a visibilizar e a consolidar esta liña de investigación desde unha perspectiva interdisciplinar.

Por último, queremos expresar o noso profundo agradecemento ás autoras dos artigos polo seu valioso traballo e compromiso, á pintora Marisa Candal pola súa xenerosidade ao permitírnos reproducir a súa obra “Ovulación e menstruación” e a Gabriel Pérez Durán, polo deseño gráfico das portadas interiores sobre a base deste cadro.

As editoras

Presentación. (Re)dibujando las letras en escarlata

El término ‘menstruación’ viene del latín *menstruum*, proveniente a su vez de *menstruus*, que significa ‘mensual’, y se vincula inequívocamente con la fisiología femenina y con la idea de feminidad. El sangrado menstrual o mensual es un fenómeno biológico que se produce en la especie humana exclusivamente, pero no así en otras especies de mamíferos. En la actualidad, este proceso fisiológico, completamente natural y propio de la denominada ‘edad fértil’ en la vida de las mujeres, está perfectamente explicado por la ciencia médica, gracias a la cual está bastante extendida —al menos en nuestras sociedades— la divulgación de su mecanismo y funcionamiento. Sin embargo, este *conocimiento* es relativamente reciente. La menstruación ha sido percibida desde la más remota Antigüedad como un fenómeno misterioso, desconcertante, terrorífico o mágico, de manera que ha sido objeto de infinidad de hipótesis pseudo (o pre) científicas, de innumerables mitos, de terribles supersticiones, de tabú y silenciamiento, con el elemento común de considerarla *marca* del género femenino. El carácter de esta marca fue, en el ámbito de la tradición europea y judeo-cristiana, fundamentalmente negativo, de manera que se consolidó una idea de la menstruación como *estigma* de las mujeres, que sería simultáneamente causa y consecuencia de una hipotética *maldición*. En consecuencia, se codificó la comunicación en relación con la menstruación y se diseñaron prácticas de purificación del mal, concretadas de modo particular en los diferentes pueblos y confesiones religiosas, con pervivencia hasta la época presente.

La experiencia de la menstruación constituyó, tradicionalmente, una marca que señalaba a las mujeres como tales, una especie de impresión a fuego indeleble interpretada desde las civilizaciones patriarcales como signo de inferioridad y de impureza. Una *letra escarlata*.

Así sucedió en nuestra civilización, en la que este ‘rasgo’ femenino fue asimilado con la impureza por el discurso patriarcal, hasta el punto de que el hecho de formar parte de la fisiología femenina le proporcionó un pretexto para afirmar la inferioridad de las mujeres y justificar su sometimiento.

En la tradición europea, podemos remontarnos a los postulados de Aristóteles, enunciados en su obra *De generatione animalium* (*Sobre la generación de los animales*) del siglo IV a. C, quien establece la *abyección* de los fluidos femeninos, y especialmente del fluido menstrual —que sería un residuo de la *materia*, la ‘fría’ contribución de las hembras a la generación de nuevas vidas—, así como su pasividad e inferioridad respecto a lo masculino. Las afirmaciones de Aristóteles tuvieron gran eco y seguimiento en la civilización occidental a lo largo de los siglos, de modo que alcanzaron una enorme influencia en la configuración de las percepciones sobre la menstruación y las consiguientes categorizaciones sobre el género femenino. Las ideas del filósofo fueron fundamentales para construir o reforzar los discursos patriarcales en lo que se refiere a la tradicional misoginia, a través de la Edad Media y la Edad Moderna, hasta la contemporaneidad. Muchos otros autores, como el médico Galeno, profundizaron en las ‘explicaciones’, en la línea de reduccionismo de las mujeres al dominio de la mera materialidad, de una corporalidad deficiente e imperfecta, necesariamente dependiente y subsidiaria del ‘calor’ y la ‘calidad’ de los varones. Por otra parte, estas categorizaciones se vieron reforzadas por la transposición al plano lingüístico efectuada por eclesiásticos como Isidoro de Sevilla, quien en sus *Etymologiae* (siglo VII) vinculaba fluido menstrual (y, por ende, lo femenino) y poder maléfico. Sus afirmaciones, ampliamente difundidas, ahondaron en la representación polarizada de los géneros (positivo vs. negativo) y en la extensión de un discurso misógino.

Así pues, esa *maldición* sobre el género femenino representada por la presencia de la menstruación constituye un *estigma* milenario, que ha impregnado nuestras percepciones y prácticas hasta el punto de haber llegado hasta nuestros días. Apropiándonos de la imagen de la ‘letra escarlata’, nos servimos de ella como metáfora del estigma, de la marca de la maldición atribuida a las mujeres, en función de su biología.

En la actualidad, la percepción y las actitudes hacia este fenómeno están ya fuertemente determinadas por el conocimiento científico y médico, de un lado, y por los avances sociales en la reivindicación y la lucha por el reconocimiento de los derechos de las mujeres, de otro. Así, se ha producido una desmitificación —si bien aún incompleta— de la menstruación de la mano de la ciencia médica: las leyendas, mitos, miedos y supersticiones se van debilitando, aunque persistan. Por otro lado, la reivindicación de la visibilidad y de la presencia social de las mujeres lleva consigo también la exigencia de reconocimiento del cuerpo sexuado en femenino y, por tanto, de desestigmatización del cuerpo. En esta línea, se llegará a recurrir precisamente a imágenes y/o representaciones de la menstruación para transgredir los límites establecidos, gracias al grado de impacto que logran y a su efectividad para reventar el silenciamento y la represión.

Por consiguiente, podemos afirmar que estamos viviendo un doble proceso, entrelazado: un proceso de desactivación de las leyendas y mitos sobre la menstruación, por un lado, y un proceso de desactivación de la misoginia y del sexismo, como manifestaciones del patriarcado, por otro.

El volumen que presentamos surge precisamente del interés que nos suscitan estos fenómenos, en relación con las representaciones del cuerpo femenino, en su diversidad. Así, *Letras escarlata. A representación da menstruación e do corpo feminino* pretende ser una contribución al estudio de las diversas dinámicas que condicionan la percepción de la regla y al análisis de su representación en las distintas manifestaciones artísticas y expresiones culturales, con especial atención a la literatura.

Sin duda, la menstruación constituye un fenómeno con múltiples implicaciones, tanto en el ámbito reproductivo como en el psicológico, antropológico, filosófico, social y cultural. Conecta con cuestiones centrales de la vida humana: la experiencia corporal y existencial de las mujeres, la relación con la propia corporalidad, la toma de decisiones sobre la capacidad

de procrear, la temporalidad, el feminismo, la identidad femenina, lo íntimo y lo público, la asignación de espacios/roles en la sociedad, la gestación, el aborto, etc. Por lo tanto, las representaciones de la menstruación —o, incluso, la falta de representación— merecen ser interrogadas.

Es necesario referirse también a la conceptualización de la corporalidad en la época actual, en la medida en que el cuerpo ha pasado de ser denostado a reclamar un papel central, sobre la base del cuestionamiento de la tradicional dicotomía naturaleza/cultura. El cuerpo, entendido como “metáfora del orden social” (*Vid.* Méndez en este volumen), se transformará así en arma o herramienta de expresión política (en el movimiento Femen, por ejemplo) y/o artística. Se llega a producir entonces la politización del cuerpo femenino, propiciada fundamentalmente desde el movimiento feminista. La potente imagen “Untitled (Your body is a battleground)” de Barbara Kruger (1989) puede proporcionarnos un ejemplo iconográfico de este cambio de mentalidad. Se trata de la construcción de un *cuerpo reivindicativo* (simultáneamente sujeto y objeto de reivindicación), de espacio de lucha y militancia para la visibilización.

Teniendo en cuenta este contexto sociopolítico y cultural, no resulta sorprendente que se haya producido en las últimas décadas un aumento de las producciones artísticas que se centran en la representación de la menstruación, sobre todo en el campo de las artes plásticas, pero también en la literatura, en las artes audiovisuales o en formato electrónico.

No se puede explicar este cambio de paradigma en relación con el cuerpo de las mujeres, al que nos acabamos de referir, sin tener en cuenta la evolución del pensamiento feminista. Así, a partir del último tercio del pasado siglo hasta la actualidad se ha ido configurando un nuevo discurso, o *contradiscurso*, que llega a subvertir los tabús normalizados de impureza-silencio-invisibilidad para transformarlos en *orgullo menstrual*, como señala González en el presente volumen. Se elabora así una resignificación de la menstruación, que pasa a transformarse en un espacio de resistencia a los discursos tradicionales, con el cuerpo como base.

En el ámbito académico, el interés por el cuerpo (abarcando el cuerpo sexuado, el cuerpo político, sus representaciones, etc.) ha dado lugar a diferentes encuentros científicos en la encrucijada entre cuerpo y género, a la conformación y consolidación de diversos grupos de investigación (“Cos i textualitat”, UAB, por ejemplo) y a la publicación de libros y artículos, como fruto de sus estudios.

De manera proporcional, ha ido aumentando el número de publicaciones, procedentes de diferentes áreas de estudio, que tratan de una manera específica el tema de la menstruación, centrándose en sus representaciones, en la (re)significación que experimenta o en sus complejas implicaciones. Fue pionero el estudio *The Curse* (Delaney, Lupton & Toth 1988), que se ocupa de la menstruación desde el punto de vista literario y cultural, mientras que en fechas recientes *La révolution du féminin* (Froidevaux-Metterie 2015), dedica también espacio a la reflexión sobre ella (*Vid.* de Gandt en este volumen).

Por su parte, vieron también la luz ensayos como *Bread, blood and roses* (1993), de la estadounidense Judy Grahn, diversos volúmenes situados en el ámbito del activismo menstrual, así como artículos que abordan tanto los tabús y discursos tradicionales, como los contradiscursos y el desarrollo de espacios contraculturales.

Sin embargo, son pocos todavía los estudios disponibles sobre un tema tan rico y complejo como la menstruación, sobre todo si tenemos en cuenta que se trata de una cuestión de profundo alcance histórico, antropológico y filosófico, central en la definición de la feminidad y en la representación del género. Por lo tanto, queda mucho por hacer en este campo. Consideramos que es fundamental avanzar en esta línea de investigación, profundizando en nuestro caso en el campo de la literatura y los estudios culturales.

En definitiva, nuestro propósito como editoras del conjunto de trabajos originales reunidos en *Letras escarlata. A representación da menstruación e do corpo feminino* es dejar atrás los vacíos y silencios seculares. Pretendemos contribuir a la exploración de la presencia y las funciones de la representación de los fluidos femeninos, en cuanto elemento de la idea de lo *femenino*, sirviéndonos de una perspectiva multidisciplinar. Así, a la luz de las aportaciones provenientes del campo de la antropología, de la filosofía, del pensamiento feminista y los estudios culturales, el libro se abre al análisis de diversas manifestaciones, desde la literatura (en gallego, portugués y español), a las textualidades electrónicas, el cine, la performance, la fotografía, etc.